

CENTRO CULTURAL E ARTISTICO



¡ BONADAL !

"RUEIRO"

BOLETIN INFORMATIVO NOVEMBRO - DECEMBRO 2.018

WEB: WWW.centroculturalrueiro.es
centroculturalrueiro.blogspot.com

NOVEMBRO

**MAGOSTO 2018 NA BOUZA
SÁBADO, 3 DE NOVEMBRO, A PARTIR DAS 18 HORAS
ACTUACIÓN DO GRUPO FOLCLÓRICO DE BEADE**

HABERÁ CASTAÑAS ASADAS, REFRESCOS E VIÑO.

**SÁBADO 10 DE NOVEMBRO, DE 10 A 14 HORAS
OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA (TEORÍA)**

LUGAR: BAIXOS DO COMPLEXO

**SÁBADO, 17 DE NOVEMBRO, DE 10 A 14 HORAS
OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA (PRÁCTICA)**

LUGAR BAIXOS DO COMPLEXO

**DOMINGO 18, ÁS 19 HORAS
TEATRO CICLO AGRUPACIÓN CENTROS CULTURAI
ACTUACIÓN DO GRUPO DE TEATRO RUEIRO, EN MATAMÁ,
COA OBRA “O AVARENTO”**

**DOMINGO, 25 DE NOVEMBRO ÁS 19 HORAS
CONCERTO CORAIS SANTA CECILIA
ACTUACIÓN DAS CORAIS:
CORAL PERLA DO ATLÁNTICO DE ALCABRE
CORO “ARS VOCALIS” DO CENTRO CULTURAL RUEIRO.**

LUGAR: IGREXA DO CRISTO DA VITORIA

DECEMBRO

**ACTUACIÓNS DE FOLCLORE PROGRAMA NADAL 2018
(SEN DATA E LUGAR COÑECIDOS)**

**MÉRCORES, 12 DE DECEMBRO ÁS 1730 HORAS
CONCERTO DO CORO “ARS VOCALIS”, DO CENTRO
CULTURAL RUEIRO, NA RESIDENCIA DA 3ª IDADE
BALLESOL, NA GRAN VÍA DE VIGO.**

FROITAS XEITOSIÑA

LA HUERTA A DOMICILIO

POSTOS 9,10,11 DO CENTRO COMERCIAL 3

RÚA CORUÑA, NÚMERO 1

TELÉFONOS 986 201 125 / 654 350 309

É COLABORADOR DO CENTRO CULTURAL RUEIRO

Reino de Galicia

Reino de Galicia ou **Reino de Galiza** foi unha entidade política situada no suroeste de Europa, que durante a súa etapa de apoxeo territorial, ocupou gran parte do norte e noroeste da Península ibérica. Fundado polo rei suevo Hermerico no ano 410, e establecida a súa capital en Braga, foi o primeiro reino que adoptou oficialmente o catolicismo e que emitiu moeda propia (ano 449). Tras o goberno temporal dos monarcas visigodos (585-711) reorganizouse nos séculos VIII e IX, desprazando a súa capital desde Tui ata Oviedo e León, establecéndose como principal reino cristián da Península ibérica.

Consolidada Compostela como capital do reino desde o século XI, a separación de Portugal (1128) e a individualización dos reinos de Castela e León tras o ano 1065, delimitaron o seu territorio practicamente ó actual. Mantivo unha soberanía política plena —compartindo rei co reino de León— ata o ano 1230 cando o rei castelán Fernando III usurpou o trono poñendo temporalmente o reino baixo control da coroa de Castela.

Os conflitos sucesorios e as tentativas de independencia mediante entronizacións de reis non casteláns como Xoán de Borgoña (1296), Fernando I de Portugal (1369) ou Xoán de Gante (1386) permitíronlle gozar de soberanía fáctica ata que en 1486 os Reis Católicos someteron o reino polas armas. Desde entón o reino estivo subxugado á coroa de Castela (1486-1715) e posteriormente á coroa de España (1715-1833), adquirindo a súa Xunta Suprema (1808-1812) amplas liberdades ó ser o único reino peninsular libre de ocupación napoleónica, pouco antes de ser disolto por María Cristina de Borbón-Dúas Sicilias

Territorio e concepto

No século V a Gallaecia pasou de ser unha provincia romana a albergar un reino en mans dos suevos. O seu territorio foi descrito por destacados autores coetáneos á fin da dominación romana, grazas a eles sábese que as súas proporcións eran moito maiores cás da actual Galiza, cuns límites que permaneceron practicamente intactos ata o século XII, momento no cal Portugal deixou de pertencer a Galiza e as terras de León cobraban personalidade propia, configurándose como reino diferente, aínda que unido a Galiza por unha monarquía compartida por ambas.

O territorio de Galiza nesta época (séculos século IV-V) aparece daquela relatada por numerosos autores da época. Así, o historiador e teólogo galaico-romano Paulo Orosio, a comezos do século V na súa obra *Historiarum*, explicou que *Cantabri et Astures Gallaeciae provinciae portio sunt*, é dicir, *cántabros e ástures forman parte da provincia de Gallaecia*, idea que o cronista bracarense Hidacio reflectiu de igual xeito no seu *Cronicon* a mediados do século V, onde denominaba *Campus Gallaeciae* (Campos de Gallaecia) á gran chaira coñecida hoxe como Terra de Campos, na actual Castela e León. Posteriores autores como Santo Isidoro, no século VII continuaron a

facér fincapé na extensión da Gallaecia, xa baixo o dominio visigodo, así na súa obra *Etymologiae* matizaba que "Asturia e Cantabria, son rexións sitas en Galiza", *regiones partes sunt provinciarum (...) sicut in Gallicia; Cantabria, Asturia*.

Estes autores puxeron de relevo a polisemia do concepto, por unha banda; unha Gallaecia ampla que incluía o territorio comprendido entre Fisterra ata a actual Rioxá, onde se atopaban galaicos, ástures e cántabros entre outros pobos, por outra, a existencia dun territorio que, non sendo nin ástur nin cántabro, era a propia Galiza. Tal concepción interna mantívose séculos despois, sendo apreciable na documentación medieval que lle daría o nome a todo o noroeste peninsular ata o século XII.

Coa chegada dos suevos dende Centroeuroa entre os anos 409-411, Galiza deixou de ser unha provincia romana (Gallaecia): no ano 411, un *foedus* co emperador Honorio asignou os suevos a provincia da Gallaecia, nas súas rexións máis occidentais, porén outros autores negan tal posibilidade. Esta cesión deu lugar finalmente á creación dun reino coa corte fixada en Braga, un reino que os suevos tentaron axiña acrecentar polo sur a expensas do Imperio Romano, incorporando ó seu dominio e de xeito permanente boa parte da provincia romana de Lusitania, chegando a facerse temporalmente coa capital, Emerita Augusta (Mérida), no ano 439, e mesmo tomando *Hispalis* (Sevilla) (441), cidades que finalmente foron abandonadas trala reacción visigoda, culminada coa batalla do río Órbigo.

Trala batalla de Vogladum no ano 507, os visigodos foron expulsados da Galia (agás da Septimania) polos exércitos francos que lideraban o rei Clodoveo I. Despois do século VI, o nome da Hispania deixou de designar unicamente á Península Ibérica, pasando tamén a designar o territorio gobernado polos visigodos. Pola súa banda, Gallaecia —gobernada por un monarquía sueva— asumiu do mesmo xeito esta nova diferenciación política —posteriormente tamén xeográfica— individualizándose da Hispania. A fin das monarquías sueva e visigoda non cambiaron xa esta nova concepción da Península Ibérica, que quedaba repartida así en dúas entidades xeográficas, Hispania e Gallaecia, manténdose do mesmo xeito durante máis de cinco séculos, diferéncianse unha da outra con fórmulas tales como *Galletiam et Ispaniam*, *Hispaniae et Galliciae Hispaniis et Gallicis regionibus* presentes ó longo de toda a Idade Media.

A comezos do século XII, a ampla Gallaecia comezou a fragmentarse, decisivamente no ano 1128 coa independencia de Portugal, e que acabará por excluír a León (con Asturias e Estremadura) e a Castela da antiga demarcación galega, tornándose en reinos propios nun lento proceso de particularización. A finais do século XII, Galiza, León, Castela e Portugal xa eran reinos diferentes con personalidade propia, aínda que ás veces con monarcas compartidos.

Antigüidade tardía (séculos V ó VIII)

A monarquía sueva (409-585)

A orixe do reino atópase no século V d. C., cando os suevos asentan definitivamente na antiga provincia romana chamada Gallaecia. Estes, encabezados polo seu rei Hermerico, fixarían a súa corte na antiga Bracara Augusta, creando así o que se chamaría *regnum suevorum*, "*regnum galliciense*" ou Reino Suevo, comezando o seu reinado no 409. No 449 o primeiro rei suevo nado na Gallaecia, Requiario (fillo de Requila, neto de Hermerico), decide converter o reino en católico, ó igual que a maioría da súa poboación, aínda que do 465 ó 550 se volvería ó arianismo.

Un século máis tarde as diferenzas entre os nativos galaicos e os suevos comezarían a desaparecer. Este feito tería por resultado que os autores coetáneos se refiran ó reino nese momento como *Galliciense Regnum* (*Reino Galego*), e ós reis indistintamente como *Regem Galliciae* (*rei de Gallaecia*), *Rege Suevorum* (*rei dos suevos*) ou *Galleciae totius provinciae rex* (*rei de toda a provincia de Gallaecia*), mesmo os bispos como Martiño de Dumio serán recoñecidos como *episcopi Gallaecia* (*bispos de Gallaecia*). Todo isto propicia que no século VI poidamos falar do Reino Suevo de Galiza. ou, simplemente, do Reino de Galiza

A monarquía visigoda (585-711)

No ano 585, Leovixildo, rei visigodo de Hispania e Septimania, conseguiu rematar coa independencia política que os reis suevos mantiveran na Gallaecia dende o ano 409, derrotando o derradeiro rei suevo, Andeca. Deste xeito, o territorio da chamada entón Gallaecia pasou a formar parte da órbita de poder de Toledo, dende onde os monarcas visigodos exercían o seu poder tras seren expulsados da Galia polos francos.

No reino, a organización territorial herdada de séculos anteriores non mudou, e mesmo as elites culturais, relixiosas así como aristocráticas aceptaron os novos monarcas, que se ben tiñan a súa corte en Toledo, asumían o control político de tres antigos reinos; Hispania, Septimania e Gallaecia, de xeito que nos concilios relixiosos como o realizado en Toledo no ano 589 estaban presentes *episcoporum totius Hispaniae, Galliae et Gallaetiae*, é dicir, "bispos de toda España, Galia e Galiza". Esta concepción tripartita atópase ó longo do goberno visigodo dende o ano 585, diferenciando mediante diversas fórmulas as tres entidades visigodas nos documentos como *finis Spanie, Gallie, Gallecie* ou *Spaniae et Galliae vel Gallitiae* entre outras. Destaca neste contexto a figura de san Froitoso, bispo galaico de ascendencia visigoda, famoso polas numerosas fundacións levadas a cabo por todo o occidente peninsular, case sempre en lugares agochados nas montañas e mesmo illas, das que sobresaía a súa austeridade.

A crise final visigoda remontábase ó reinado de Éxica. Este monarca declarou herdeiro o seu fillo Witiza e xa en vida asociouno ó trono, no ano 698 pese a que a lei visigoda obrigaba á elección dun novo rei e non á transmisión hereditaria. Dita asociación

consistiu en entregarlle o goberno da Gallaecia, exercendo como rei con capital en Tui. Witiza vai ser rei da Gallaecia cando menos ata a morte do seu pai, o que supón unha situación novidosa nesta etapa final e conflitiva da monarquía visigoda, evidenciando a actividade política que a rexión conservaba cen anos despois da fin da monarquía sueva. No ano 702, coa morte de Éxica, Witiza asume tamén o goberno de Hispania, trasladándoo a Toledo, onde gobernaría ata o ano 710. Trala súa morte, un sector aristocrático visigodo impediu a subida ó trono do seu fillo Axila, impondo pola forza a Rodrigo, o que supuxo un irresoluble conflito civil entre os seus partidarios e os dos fillos de Witiza. Será no ano 711 cando os inimigos de Rodrigo logren que un exército musulmán cruce o estreito de Xibraltar e presente batalla a Rodrigo en Guadalete, onde este é derrotado, fito que marca a fin do goberno visigodo en Hispania, e que terá unha transcendencia histórica total para as dúas restantes entidades políticas: Gallaecia e Septimania.

No ano 715 Abd al-Aziz ibn Musa toma por esposa a viúva de Rodrigo, chamada Exilona titulada *reginam Spanie*, confirmando a continuidade dinástica, transferida así lexitimamente ó gobernador musulmán¹. Con este feito os gobernantes musulmáns consideráronse politicamente continuadores do anterior estado e asumiron os atributos detidos antes polos reis visigodos de Toledo. Deste xeito, islamizada e gobernada agora *Spania* dende Córdoba, alén das súas fronteiras, os emires cordobeses serían coñecidos co título de *rex Spanie*. A partir dese intre comeza unha nova concepción xeográfica, pois *Spania* ("España") vai ser o nome co que se designe o territorio islamizado e rexido por señores musulmáns e *Gallecia* o territorio rexido por señores cristiáns. Así o historiador Al-Maqqari deixa claro a extensión do dominio dos señores musulmáns ó referirse á conquista militar de comezos do século VIII

Alta Idade Media (séculos VIII ó XI)

A formación da nova monarquía galaica (711-739)

Crónica albeldense ou *Codex Conciliorum Albeldensis seu Vigilanus* é un manuscrito medieval, ademais dunha crónica histórica que vai dende época visigoda ata o ano 883.

Trala caída das provincias de *Hispania* no ano 714, e da Septimania no 719, baixo dominio musulmán, a Gallaecia foi a única entidade xeográfica na Península Ibérica que apenas coñeza a pegada islámica (especialmente no norte), tal e como relataba o humanista alemán Georgius Agricola no ano 1538; *Eodem anno Saraceni resarturi perpessa malae, cum ingenti exercitu in Hispaniam irruunt omnem terram excepta Gallicia depopulantes* ("Neste ano (720) os Sarracenos resarcíronse dos males sufridos, irrompendo en Hispania cun exército inxente e despoboando todas as terras agás a Gallaecia"), mantendo intactas e en plena evolución histórica as súas estruturas.

Segue no próximo Boletín

HORARIO DA SECRETARÍA

CONTINÚA SENDO TODOS OS MÉRCORES DE 18 A 20 HORAS.

LOTERÍA DE NADAL

XA TEMOS A VOSA DISPOSICIÓN LOTERÍA DE NADAL. ESTE ANO XOGAMOS O NÚMERO **98479** EN PARTICIPACIÓNS DE CINCO EUROS.

A XUNTA DIRECTIVA DO CENTRO CULTURAL, ARTÍSTICO E RECREATIVO RUEIRO QUERE FELICITAR, NESTAS FESTAS DO NADAL, ÓS SEUS SOCIOS E SOCIAS E DESEXARLLES UN FELIZ ANO 2019.

O SÁBADO, 15 DE DECEMBRO, COLOCACIÓN NA PARROQUIA DE LUCES E MEGAFONÍA. CONTAMOS CON A VOSA COLABORACIÓN. COMEZAREMOS ÁS 10 DA MAÑÁN.

CELEBRACIÓN DOS REIS MAGOS

SÁBADO, 5 DE XANEIRO ÁS 17:30 HORAS, ESTAMOS INVITADOS POLOS REIS MAGOS A SÚA FESTIVIDADE. NECESITAMOS A PRESENZA DOS NENOS E NENAS PARA QUE LLES ENTREGUEN PERSOALMENTE AS CARTAS CON AS SÚAS PETICIÓNS. CONTAMOS COA COLABORACIÓN DOS MOZOS/AS PARA QUE A FESTA SEXA UN ÉXITO.